

CAMBIOS introducidos pola Lei 14/2011 que modifica a Lei 5/1998 de cooperativas de Galicia, que afectan ás cooperativas de traballo asociado

O día **24 de xaneiro de 2012** entra en vigor a modificación la Lei 5/1998 de cooperativas de Galicia. Dita modificación ven, en gran medida, imposta polos cambios na normativa contable referidos á clasificación do capital pero recolle tamén outros cambios a ter en conta: o órgano de intervención pasa a ser voluntario, recoñécese a primacía da relación societaria das persoas socias traballadoras, incrementábase a achega de cada persoa socia respecto do total do capital, desaparecen os/as liquidadores/as, etc.

Desde UGACOTA, queremos informarnos das principais modificacións que sofre a lei de cooperativas de Galicia, como primeiro paso no proceso de adaptación de estatutos que deben facer todas as cooperativas.

Artigos modificados	LEI 5/1998 DE COOPERATIVAS	MODIFICACIÓN (Lei 14/2011)
Art. 2	Esta lei afecta a tódalas cooperativas que realicen a súa actividade no ámbito da Comunidade autónoma.	Esta lei afecta a tódalas cooperativas que realicen a súa actividade, con carácter principal , no ámbito da Comunidade autónoma. Podendo desenvolve-la tamén fora dela.
Art. 9	Seccións	Amplíanse as competencias do Consello Reitor da cooperativa, nas seccións.
Art. 20	O incumprimento do prazo de preaviso e de permanencia, non incide na cualificación da baixa	O incumprimento do prazo de preaviso e/ou de permanencia, converte a baixa en inxustificada agás que o consello reitor a considere xustificada.
Art. 20	A indemnización por danos e perdas causados no caso de incumprimento do prazo de preaviso e/ou permanencia , era produto dunha resolución xudicial.	Establécese a posibilidade de aplicar unha penalización do 10% das deducións aplicadas no cálculo de reembolso de capital e a posibilidade de que nos Estatutos se establezan criterios para cuantificar a indemnización de danos e perdas.
Art. 20	Baixa xustificada	Incorpórase como causa de baixa xustificada cando a persoa socia que salvara expresamente o seu voto, ou estivese ausente

		ou desconforme co acordo de transformación das achegas con dereito ao reembolso, en achegas cuxo reembolso poida ser rexeitado incondicionalmente polo Consello Reitor, ou á inversa (art.58)
Art. 20	Baixas obrigatorias , precisan a resolución do Consello	Regúlase a baixa obrigatoria automática cando a persoa socia perda os requisitos para selo, sen necesidade de resolución expresa do CR, con independencia da obriga deste órgano de resolver. En caso de que ostente cargos , cesará automaticamente neles sen que sexa necesario pronunciamento da asemblea.
Art. 20	Non establecía prazos para a qualificación e efectos da baixa	Establécese un prazo de tres meses e o seu incumprimento cualificará a baixa de xustificada.
Art. 23	Dereito de información	Establécese un prazo de 15 días para entregar certificación de acordos da asemblea. Establécense cláusulas de protección de datos persoais cando se consulten o libro de persoas socias, actas e achegas de capital, mediante o denominado “compromiso de confidencialidade”
Art. 33	Establecía un prazo de catro días para propor asuntos a incorporar á orde do día, unha vez convocada a asemblea.	Non se poderán incorporar asuntos á orde do día, unha vez convocada a asemblea. As propostas deben ser previas e atendidas na primeira asemblea que se celebre.
Art. 35	Constitución da asemblea xeral en segunda convocatoria cando estean presentes ou representados o 10% dos votos sociais ou 100 votos	Os estatutos poderán variar ese quorum, posibilitando que calquera que sexa o número de persoas socias presentes ou representadas na Asemblea, esta quedará validamente constituída en segunda convocatoria.
Art. 35	Non contempla a asistencia por medio telemáticos	Os Estatutos poden contemplar a asistencia á asemblea por medios telemáticos que garantan debidamente a identidade. Neste caso na convocatoria determinaranse os prazos, formas e modos de exercicio dos dereitos.
Art. 36	Os/as Interventores/as validan o escrito de representación na asemblea	No caso de inexistencia de órgano de intervención corresponderá á persoa que asuma a Presidencia ou Secretaría da asemblea, verificar a representación das persoas socias.
Art. 36	As persoas socias poden facerse representar polo/a cónxuxe ou ascendentes e descendentes en primeiro grao	Amplíase a posibilidade de representación: as persoas socias poden facerse representar na asemblea polo seu cónxuxe ou por parentes ata o terceiro grao de consanguinidade ou segundo por afinidade
Art. 42	O Consello Reitor pode conferir apoderamentos de facultades representativas	Amplíanse a posibilidade de outorgar poderes xerais ou singulares de representación, xestión e dirección Tanto o outorgamento como a revogación deben inscribirse no Rexistro de cooperativas.

Art. 43	Composición do Consello Reitor: as cooperativas con máis de 50 persoas asalariadas con contrato indefinido deben reservarlles un posto de vogal no Consello Reitor	Aclárase que: o vogal que represente as persoas traballadoras non substitúe a ningún/ha conselleiro/a estatutario, se non que incrementa o seu número. As sociedades cooperativas procurarán no consello reitor unha representación equilibrada de mulleres e homes na súa composición e posibilitarase entre os seus membros a compatibilidade e conciliación do seu exercicio profesional coas situacións de maternidade e paternidade e cos cuidados de menores e persoas dependentes.
Art. 44	O 25% dos membros do Consello poden ser persoas non socias .	Ata un terzo dos membros do consello reitor poderán ser elixidos entre persoas físicas non socias.
Art. 48	Incapacidades para cargos	Varía a redacción do artigo: o contido da letra b) pasa a estar repartido entre a b) e a e) e faise referencia expresa a Lei Concursal.
Art. 53	Era obrigatoria a figura do/a Interventor/a	Pasa a chamarse órgano de Intervención e a ter carácter voluntario
Art. 54	Funcións dos/as interventores/as	En ausencia do órgano, quedan anuladas as súas funcións, agás a validación da representación nas asembleas que pasa a ser competencia da Presidencia e Secretaría. (art. 36)
Art. 56	Comité de recursos	Modifícase a redacción do artigo para incorporar o compromiso dunha composición equilibrada entre homes e mulleres e a compatibilidade e conciliación do mesmo xeito que para o Consello Reitor.
Art. 58	Só existe capital con dereito a reembolso	Aparece un novo tipo de capital , con motivo das consecuencias contables que teñen as achegas reembolsables na actual norma contable, e que ten carácter voluntario: a) Achegas con dereito a reembolso en caso de baixa. b) Achegas cuxo reembolso en caso de baixa poida ser rexeitado incondicionalmente polo órgano de administración. A cualificación do capital ten que recollerse nos Estatutos sociais, precisa maioría de dous terzos para a súa aprobación por parte da Asemblea e, en caso de desacordo, da dereito a baixa xustificada.
Art. 58	Sempre se ten dereito ao reembolso do capital	Se incorpora a posibilidade de que o Consello rexeite reembolsos de capital que superen un determinado límite, a opción deberá recollerse nos Estatutos e, en caso de desacordo, da dereito a baixa xustificada.
Art. 58	Achegas individuais, non superiores a un terzo (1/3) do capital social.	Incrementase o nivel de achega que pode facer cada persoa socia traballadora respecto do total. Debe ser inferior ao 50% do capital social

Art. 60	As achegas obrigatorias poden recibir xuros	Puntualízase que só na parte que estea desembolsada. Ademais o pago de xuros estará condicionado a resultados positivos ou existencia de reservas.
Art. 60	As achegas obrigatorias poden recibir xuros	Se se acorda que as achegas obrigatorias devenguen xuros ou repartir retorno, as achegas cuxo reembolso fose rexeitado polo Consello reitor, serán preferentes para recibilo.
Art. 61	As achegas voluntarias poden recibir xuros	O pago de xuros ás achegas voluntarias estará condicionado a resultados positivos ou existencia de reservas.
Art. 61	As achegas voluntarias poden recibir xuros	Se se acorda que as achegas voluntarias devenguen xuros ou repartir retorno, as achegas cuxo reembolso fose rexeitado polo Consello reitor, serán preferentes para recibilo.
Art. 64	No reembolso das achegas se practican deducións (por baixa non xustificada e expulsión) só sobre as achegas obrigatorias	A liquidación farase polo seu valor nominal e as deducións (por baixa non xustificada, expulsión e incumprimento de preaviso/permanencia) se poden aplicar tamén ao retorno cooperativo e aos fondos de reserva repartibles. Nunca ás achegas voluntarias.
Art. 64	Prazo de reembolso 5 anos desde a data de baixa	Modifícase o prazo, que se inicia na data de peche do exercicio no que se causou baixa: - 5 anos en caso de expulsión ou baixa non xustificada, - 3 anos en caso de baixa xustificada. - para as achegas cuxo reembolso podía estar rexeitado polo Consello Reitor, desde a data do acordo de reembolso. E por orde de data de solicitude do reembolso ou de antigüidade da baixa.
Art. 64	Non se fixa prazo de comunicación do reembolso de capital	O consello ten un mes de prazo, desde a aprobación das contas, para comunicar o cálculo do reembolso da liquidación.
Art. 64	Achegas de novas persoas socias pasan a incrementar o capital	As novas persoas socias deben adquirir, coa súa achega, as achegas rexeitables polo Consello que foron solicitadas, por orde de antigüidade.
Art. 64	A partir do 2º ano da baixa incrementábanse o xuro das cantidades aprazadas en 2 puntos cada ano acumulativamente	Elimínase este incremento. As cantidades aprazadas darán dereito a percibir o xuro legal do diñeiro.
Art. 66	O 25% do beneficio xerados por plusvalías alleas ao fin da cooperativa destinábase a capital social.	O 50% do beneficio xerado queda a disposición da asemblea xeral. Exceptúase do tratamento de plusvalía (50% ao FRO y 50% a disposición da asemblea) a algúns resultados.
Art. 66	Obriga de contabilización separada das actividades cooperativas e extracooperativas	Pódese optar póla non contabilización separada dos resultados extracooperativos con perda de beneficios fiscais.

Art. 67	Dotación mínima do 30% do excedente do exercicio, aos fondos obrigatorios (FRO e FFeP)	Os fondos obrigatorios dótanse unhas vez deducidas as perdas e antes do imposto de sociedades nun mínimo do 25%. O Fondo de Reserva recibe un mínimo do 20% e o de Formación do 5%
Art. 67	Fondos de reserva voluntarios	Pasan a chamarse Fondos voluntarios de libre disposición , que tamén poden ser repartibles ou non. Se a asemblea non se pronuncia sobre a súa natureza, non serán repartibles entre as persoas socias no caso de baixa desta . Responderán en primeiro lugar a compensar perdas e a participación das persoas socias neles farase segundo a súa contribución a eles.
Art. 68	Finalidade do Fondo de Formación e Promoción cooperativa	Ampliase as finalidades do Fondo cara actividades relacionadas co fomento da igualdade, a conciliación e a responsabilidade social . Ata o 50% do Fondo pode destinarse a iniciativas de emprendemento cooperativo e ao financiamento de proxectos cooperativos .
Art. 68	Autoxestión do Fondo de formación	Pode ser xestionado pola Unión do cooperativas , se a asemblea da cooperativa, así o acorda.
Art. 68	Dotación do Fondo que non se aplique no ano posterior á súa dotación terá que materializarse en débeda pública	Incorpórase a posibilidade de materializala tamén en contas de aforro
Art. 69	Imputación de perdas	As perdas se imputan primeiro aos fondos de reserva voluntarios que ao Fondo de Reserva obrigatorio.
Art. 69	Imputación de perdas ás persoas socias segundo a súa participación na actividade cooperativizada	A imputación de perdas á persoa socia farase segundo a súa participación na actividade cooperativizada, existindo un mínimo obrigatorio .
Art. 72	Libros sociais	Se elimina o Libro de Informe de censura de contas , cando a cooperativa acorde eliminar o órgano de Intervención. Desaparece o Libro de liquidación porque o Consello pasa a asumir as funcións do órgano de Liquidación (agás que a asemblea acorde a súa existencia e se faga constar nos Estatutos)
Art. 84	No proceso de transformación de cooperativas noutras sociedades, só o 50% do patrimonio social pasaba á nova sociedade	Agora pasa todo, descontado o importe das achegas e os fondos repartibles . Se a transformación faise para unha sociedade na que as persoas responden persoalmente das débedas, responderán tamén das que teña a cooperativa.
Art. 89	Nomeamento de liquidadores/as	Salvo acordo contrario da asemblea, as funcións dos/as liquidadores/as pasa a asumilas o Consello Reitor .
Art. 93	Adxudicación do haber social	Aclara o procedemento que xa se viña

		<p>facendo así.</p> <p>Se incorpora a situación das persoas socias que reclaman o seu reembolso cando corresponde a achegas cuxo reembolso rexeitou o Consello. Participarán na adxudicación do haber social e teñen preferencia, na orde de adxudicación.</p>
Art. 94	Balance de liquidación: un ano de prazo para impugnalos desde a súa publicación	Redúcese o prazo de impugnación do balance final, que pasa a ser de dous meses desde a publicación.
Art. 96	Suspensión de pagamentos e crebas	Pasa a denominarse “situacións concursais”. O contido do artigo non varía.
Art. 104	Suxeitos das cooperativas de traballo asociado	Declárase que a relación entre a persoa socia traballadora e a cooperativa é societaria.
Art. 105	Réxime económico: retribución ás persoas socias se denomina anticipo laboral	En coherencia co anterior, a retribución mensual pasa a denominarse anticipo societario
Art. 107	Réxime de prestación do traballo	O réxime de prestación do traballo deberá posibilitar a conciliación.
Art. 107	Baixa obrigatoria por causas económicas, técnicas ou organizativas.	No suposto de que persoas socias que causen baixa obrigatoria sexan titulares de achegas rexeitables polo Consello, as persoas socias da cooperativa deberán adquirir estas achegas no prazo máximo de seis meses.
Art. 107	Réxime de prestación do traballo	Se engade un novo apartado: A persoa socia que perda as condicións para selo, causarán baixa automática e cese inmediato no cargo, se é o caso (art. 20)
Art. 107	Réxime de prestación do traballo	Se engade un novo apartado: Cando unha cooperativa de traballo asociado se subroga nos dereitos e obrigas laborais do anterior titular, o persoal traballador afectado pola subrogación poderase incorporar como persoa socia traballadora
Art. 107	Réxime de prestación do traballo	Se engade un novo apartado: Cando unha cooperativa de traballo asociado cese por causas non imputables a ésta, nunha contrata de servizos ou concesión administrativa e un novo empresario ou empresaria se faga cargo desta, as persoas socias traballadoras terán os dereitos e deberes das persoas traballadoras por conta allea da cooperativa.
Art. 110	Persoal asalariado	<p>Amplíanse os supostos que quedan excluídos do límite á contratación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - persoas que non superen o 20% da xornada media do sector ou o seu equivalente en hora/ano. - persoal contratado para substituír cooperativistas que realicen tarefas representativas. <p>Pódese superar o límite á contratación un período máximo de tres meses durante un ano, se atende a necesidades de viabilidade. Para facelo un período maior (máximo un</p>

		ano) precísase autorización da autoridade competente en materia cooperativa.
Disposición adicional cuarta	A Xunta podía cualificar como entidade de carácter non lucrativo ás cooperativas que acreditaran unha función social (art. 142.5)	A Xunta pode cualificar como sociedade cooperativa sen ánimo de lucro as que, polo seu obxecto social, acrediten a súa función social e teñan por obxecto a mellora da calidade e condición da vida da/s persoa/s. O recoñecemento será outorgado polo Rexistro de cooperativas mediante inscrición da escritura notarial ou procedemento administrativo común.
Disposición adicional quinta		Crease a figura de cooperativas mixtas de traballo asociado , como aquela na que existen cooperativistas cuxo dereito de voto na asemblea pode determinarse segundo o capital achegado. É unha figura excepcional que ten como finalidade captar capital para proxectos cooperativos
Disposición adicional sexta		En aplicación da lei 2/2007 do traballo en igualdade , as cooperativas: - procurarán recoller nos seus estatutos medidas que favorezan o acceso das mulleres á condición de socia e á súa promoción profesional. - fomentarán a representación equilibrada de homes e mulleres nos órganos sociais.

Convén aproveitar o proceso de adaptación de Estatutos para actualizar calquera outro contido que queirades modificar:

- composición do Consello Reitor
- nomeamento de administración única, se é o caso
- modificación da achega de capital obrigatorio para adquirir a condición de socio/a
- revisar a cualificación de sancións
- revisar o obxecto social da cooperativa, etc.